



## CONSULTA DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS XERAIS PARA O INICIO DO PROCESO DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DA ZONA DE RETIZÓS, NO CONCELLO DE BALEIRA (LUGO)

**Órgano ou entidade impulsora:** Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

**Departamento:** Consellería de Medio Rural, Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural

**Período de consulta:** O indicado na páxina web da Consellería do Medio Rural

As persoas interesadas poderán enviar as súas opinións ou achegas sobre a iniciativa ou propostas de mellora a través de calquera das formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e no correo electrónico: [infraestructurasagrarias.mr@xunta.gal](mailto:infraestructurasagrarias.mr@xunta.gal)

### Antecedentes

A Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

### Finalidade

En cumprimento do artigo 7.4 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, coa publicación desta consulta a Consellería do Medio Rural pretende impulsar un proceso de reestruturación parcelaria mediante o decreto polo que se declara a utilidade pública da reestruturación parcelaria de carácter público da zona de Retizós (Baleira - Lugo), co obxecto de reordenar a propiedade da terra para mellorar a estrutura territorial agraria.

### Necesidade e oportunidade

As circunstancias que se teñen en conta para a avaliación do cumprimento dos obxectivos xerais que se pretenden acadar con esta actuación son os seguintes:

- A existencia de deficiencias estruturais das explotacións agrarias situadas na zona de actuación que incidan negativamente na súa viabilidade técnico - económica.
- A actividade agraria da zona de actuación e a existencia de profesionais agrarios que dedican as súas producións á comercialización.
- O interese das persoas titulares, especialmente das explotacións agrarias, por levar a cabo o proceso, constatado polas sinaturas que apoien a petición.
- O dinamismo do territorio e a poboación, que permita a maximización do efecto do procedemento de mellora.

SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS AGRARIAS

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL DE LUGO

Ronda da Muralla 70, baixo 1

27071 Lugo

T.: 982 294 493

[infraestructuras.agrarias.lugo@xunta.gal](mailto:infraestructuras.agrarias.lugo@xunta.gal)

[mediorural.xunta.gal](http://mediorural.xunta.gal)



- A potencialidade agraria da zona.
- A sensibilidade ambiental, atendendo aqueles aspectos que poden condicionar negativamente a viabilidade das actuacións e a existencia dentro do seu perímetro de áreas ambientalmente protexidas ou que, estando fóra deste, se poidan ver afectadas negativamente.
- A posibilidade de mitigar os efectos do cambio climático mediante a diminución das emisións de CO2 e do número e intensidade dos incendios forestais.
- Outros factores que se consideren adecuados para acreditar o cumprimento dos obxectivos xerais.

## **Obxectivos**

Con esta actuación a Consellería do Medio Rural pretende acadar os seguintes obxectivos:

a) Mellorar as condicións estruturais, técnicas e económicas das explotacións agrarias, de acordo con criterios de ordenación axeitada e sustentable delas e dos seus cultivos e aproveitamentos, calquera que sexan estes, baixo a perspectiva da súa utilidade económica e social, co fin de fixar a poboación no medio rural para facer rendible a actividade produtiva.

b) Establecer, para os predios que non formen parte de explotacións agrarias, medidas de agrupación, redimensionamento, mellora estrutural e de infraestruturas que faciliten a súa mobilización para uso agrario, entendendo por tal a loita contra o abandono, a formación de novas explotacións ou a incorporación ás xa existentes, prestando especial atención ao apoio á constitución de iniciativas asociativas para o aproveitamento en común, conforme o disposto no número 3.3.12.a) do Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio.

c) Facilitar a adecuación territorial de áreas con elevados valores medioambientais ou paisaxísticos, ou ben coa presenza dalgún elevado risco ambiental, de tal maneira que se potencie a conservación e a permanencia dos ditos valores ou se reduza a potencial incidencia do risco, a través da reorganización espacial e funcional da estrutura territorial existente.